



Resolución da Dirección Territorial da Consellería do Mar da Coruña pola que se comunica o emprego da lista aberta para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas no Plan de xestión do recurso específico PERCEBE, modalidade dende embarcación, da Confraría de pescadores de Camelle

Antecedentes

1. O 10.11.2020 esta dirección territorial ditou a Resolución pola que se fixo pública a lista elaborada do procedemento de incremento de cotas de captura para as embarcacións incluídas no Plan de xestión para o recurso específico percebe, modalidade dende embarcación, da Confraría de pescadores de Camelle (en adiante plan de xestión).

2. A Orde do 22 de decembro de 2021 aprobou os plans de xestión para recursos específicos e algas en Galicia para o trienio 2022-2024. (DOG Núm. 251, de 31.12.2021).

De conformidade co expediente de aprobación do plan de xestión (PE410A 2021/53-1), estableceuse un número máximo de 38 embarcacións con 76 tripulantes habilitados con dereito a cota para todo o trienio 2022-2024.

Trala finalización do último proceso de renovación de 2021 desta modalidade na entidade para o trienio 2022-2024, o número de embarcacións con percebe no permiso de explotación autorizadas para participar no plan é de 35 embarcacións e 70 habilitacións.

3. O 27.04.2023 esta dirección territorial ditou a Resolución pola que se publicou a admisión da inscrición de novas embarcacións, a súa puntuación provisional e a actualización das puntuacións das embarcacións xa inscritas na lista aberta, outorgando un prazo de un prazo de quince (15) días para que as persoas interesadas presentaran alegacións ás puntuacións provisionais e, transcorrido o dito prazo, non se recibiu alegación ningunha. Así, mediante a Resolución do 29.05.2023 desta dirección territorial actualizouse a lista aberta, publicándose na páxina web <http://www.mar.xunta.gal> o 30.05.2023 e está vixente na data desta Resolución (Anexo I).

4. O 16.06.2023 (Entrada Núm. 2023/1790597) a entidade solicitou a modificación do plan de explotación para a incorporación dunha nova embarcación (con dúas habilitacións) e a





atribución das catro habilitacións restantes para embarcacións xa existentes no plan.

5. O 22.08.2023 esta dirección territorial ditou resolución adaptando o número máximo de participantes no plan de xestión de percebe da entidade, de tal xeito que o número máximo de participantes pasou de 38 embarcacións con 76 tripulantes habilitados con dereito a cota para o trienio 2022-2024 a 36 embarcacións con 76 habilitacións.

6. O 28.08.2023 esta dirección territorial comunicou a proposta á Confraría de pescadores de Camelle para proceder á convocatoria dun proceso selectivo para o outorgamento da modalidade de percebe a 1 embarcación con 2 cotas. As cotas de captura restantes, ata acadar o número máximo de participantes aprobado, ofertaranse ás embarcacións incluídas no plan de xestión de acordo coa orde de prelación que ocupen na lista aberta vixente para o incremento do número de cotas de captura.

Nesta comunicación outorgábaselles un prazo de tres (3) días hábiles para que presentasen as observacións que considerasen oportunas e que de non recibir resposta no prazo sinalado entenderíase como positiva a proposta realizada por esta dirección territorial. Transcorrido o dito prazo non se recibiu resposta por parte da entidade.

7. Mediante a Resolución do 01.09.2023 esta dirección territorial convocou o proceso selectivo para o outorgamento da modalidade de percebe para 1 embarcación con 2 tripulantes habilitados con dereito a cota ao abeiro do plan de xestión, que se resolveu o 30.10.2023 outorgándolle a modalidade de percebe á embarcación seleccionada.

8. O 14.11.2023 esta dirección territorial emitiu unha comunicación relativa á celebración dun sorteo para dirimir o empate na lista aberta para o incremento do número de cotas de captura entre 3 embarcacións aspirantes que contan na actualidade con 10,00 puntos, outras 2 que contan con 7,00 puntos e outras 5 que contan con 6,00 puntos. O dito sorteo celebrouse o 21.11.2023 no departamento territorial da Coruña, establecendo a orde de prelación na lista das embarcacións empatadas de acordo coa acta levantada que se publicou na páxina web <http://mar.xunta.gal> o 22.11.2023.

9. A embarcación LILIANA CO-4 1763 que figura na lista para o incremento de cotas de captura para as embarcacións incluídas no plan de xestión cunha puntuación de 7,00 puntos, non participou no sorteo indicado no punto anterior nin nesta oferta de cotas de captura por atoparse de baixa no Rexistro de buques pesqueiros da Comunidade Autónoma de Galicia, logo do traslado do seu permiso de explotación a unha nova embarcación que non se atopa incluída no plan de xestión.

10. O 29.11.2023 esta dirección territorial emitiu unha Resolución pola que se comunicou o emprego da lista aberta e ofertáronse catro (4) cotas de captura de acordo coa orde de prelación das embarcacións na lista aberta. Logo das comunicacións efectuadas polas persoas armadoras das ditas embarcacións, dúas (2) das cotas ofertadas non foron aceptadas.

11. O 15.12.2023 esta dirección territorial emitiu unha Resolución pola que se comunicou o emprego da lista aberta e ofertáronse dúas (2) cotas de captura de acordo coa orde de prelación das embarcacións na lista aberta. O 27.12.2023 as persoas armadoras das ditas embarcacións rexeitaron as cotas ofertadas.





12. O 12.01.2024 esta dirección territorial emitiu unha Resolución pola que se comunicou o emprego da lista aberta e ofertáronse dúas (2) cotas de captura de acordo coa orde de prelación das embarcacións na lista aberta. Estas cotas de captura non foron aceptadas polas persoas armadoras ao non achegar a documentación requirida.

13. A embarcación SILVIA CO-4 1840 que figura na lista para o incremento de cotas de captura para as embarcacións incluídas no plan de xestión cunha puntuación de 6,60 puntos, non participa nesta oferta de cotas de captura porque dispón no seu permiso de explotación de dúas (2) cotas de captura de percebe e o número máximo de tripulantes da dita embarcación, de acordo co seu certificado de conformidade, é de dous (2).

14. O 03.06.2024 esta dirección territorial ditou a Resolución pola que se actualizou a lista aberta logo das inclusións das embarcacións MARIA ELENA CO-4 1782 e NUEVA GIRALDA CO-4 5-04.

Consideracións legais e técnicas

1. A Orde do 30 de decembro de 2015 pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, establece nos artigos 39 a 46 o procedemento para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas nun plan de xestión. No seu artigo 39 establece un sistema de lista aberta para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas nun plan de xestión na que a orde de prelación das embarcacións virá determinado pola puntuación obtida trala aplicación do baremo previsto no artigo 43.1.

2. A Resolución do 29.05.2023 desta dirección territorial actualizou a lista aberta para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas no plan de xestión.

3. As solicitudes valoráronse de acordo co baremo aprobado pola Resolución do 4 de maio de 2016, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, pola que se aproba o baremo para acceder ás modalidades de recursos específicos no permiso de explotación das embarcacións, así como para elaborar as listas e actualizar os méritos para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas nun plan de xestión de recursos específicos, modificada pola Resolución do 18 de maio de 2020, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro.

4. Na actualidade o número de cotas existentes, contando as 2 cotas aceptadas logo da oferta feita pola Resolución de 29.11.2023, é de 74 en 36 embarcacións, cando o número de cotas máximo establecido no plan de xestión do recurso é de 76 en 36 embarcacións. Polo tanto, emprégase a lista elaborada para ofertar dúas (2) cotas dispoñibles ás embarcacións participantes no plan de xestión.

5. No artigo 46 da Orde do 30 de decembro de 2015, régúlase o emprego das listas, as ofertas das cotas e as causas da exclusión das ditadas listas, indicando que as persoas que non acepten os incrementos ofertados durante dúas veces consecutivas sen causa xustificada non recibirán unha nova oferta durante un prazo de doce (12 meses).

6. No caso de renunciar aos incrementos ofertados durante tres (3) veces consecutivas sen causa xustificada, perderán os seus dereitos e a embarcación quedará excluída da lista





por un período de dezaoito (18) meses, podendo solicitar de novo a súa inscrición unha vez transcorrido o dito prazo.

7. A Resolución do 04.05.2016, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, pola que se aproba o baremo para acceder ás modalidades de recursos específicos no permiso de explotación das embarcacións, así como para elaborar as listas e actualizar os méritos para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas nun plan de xestión de recursos específicos, modificada pola Resolución do 18 de maio de 2020, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, indica no seu anexo I:

- No apartado A.3, que con carácter xeral, para o incremento, o número de cotas asignadas ás embarcacións estará en función das persoas que teñan enroladas, á vista do rol de despachos actualizado da embarcación coa dotación da tripulación enrolada nela e das certificacións profesionais de cada unha delas e considerárase que o rol de despachos está actualizado á data en que a dirección territorial comunique o emprego da lista para o incremento de cotas nas embarcacións.

- No apartado A.4, que o outorgamento de prazas quedará limitado ao número máximo de tripulantes autorizado/as pola Administración marítima.

- No apartado A.8, que en caso de empate na puntuación obtida, resolverase por sorteo en presenza das persoas afectadas pola dita situación.

8. Esta dirección territorial é o órgano competente para a elaboración e o control das listas, así como para a súa actualización e para comunicar o seu emprego de conformidade co establecido na sección 4ª do capítulo III e o artigo 52 da Orde do 30 de decembro de 2015, pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

De acordo con todo o anterior, esta dirección territorial

RESOLVE:

1. Comunicar ás persoas armadoras das embarcacións integrantes da lista aberta vixente para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas no plan de xestión do recurso específico percebe (PE410A 2021/53-1), modalidade dende embarcación, da confraría de pescadores de Camelle, o uso da lista para ofertar dúas (2) cotas.

2. Ofertar as cotas vacantes ás embarcacións que se relacionan a continuación, tendo en conta o número máximo de tripulantes que consta no certificado de conformidade:

Embarcación	Matrícula	Folio	Cotas actuais	Nº máximo tripulantes (certificado conformidade)	Cotas ofertadas
MARIA ELENA	CO-4	1782	1	2	1
AZOR UNO	CO-4	1-98	1	2	1





3. A adxudicación das cotas ofertadas dependerá das persoas que teñan enroladas á vista do rol de despachos da embarcación coa dotación da tripulación enrolada nela e das certificacións profesionais. Para a comprobación disto as persoas armadoras das embarcacións seleccionadas disporán dun prazo de quince (15) días hábiles contados desde o día seguinte ao da publicación desta resolución para presentar a seguinte documentación:

- a) Escrito debidamente asinado polas persoas armadoras das embarcacións ás que se lles ofertan as cotas, no que se indique o número de cotas que se solicitan, identificando aos tripulantes enrolados que contan coa certificación profesional correspondente.
- b) Rol de despachos actualizado das embarcacións coa dotación de tripulación enrolada nela.
- c) Certificación profesional que corresponda ás persoas tripulantes enroladas, agás as expedidas pola Consellería do Mar, de ser o caso. A autorización expresa para a consulta destes datos realizarase empregando o anexo X da Orde do 30 de decembro de 2015.
- d) Xustificante de ter aboada a taxa correspondente para a expedición do novo permiso de explotación onde quedará reflectido o novo número de cotas.

O artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, establece a obriga de relacionarse electronicamente coas Administracións Públicas a, entre outros, ás persoas xurídicas e as entidades sen personalidade xurídica e o artigo 10 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, establece a obrigatoriedade para as persoas traballadoras autónomas de relacionarse a través de medios electrónicos no ámbito do sector público autonómico para os trámites e as actuacións que realicen no exercicio da súa actividade profesional. Por tanto, as solicitudes e a documentación indicada, deberán presentarse por vía electrónica a través do formulario normalizado de achega de documentación adicional dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>), dentro do procedemento aberto PE401M. Para a presentación da documentación será necesario identificarse de xeito electrónico mediante calquera dos sistemas de identificación e sinatura admitidos pola sede da Xunta de Galicia.

Se as persoas armadoras dentro do prazo fixado non presentase a documentación ou do exame dela se deducise que carecen dalgún dos requisitos sinalados na base 1.2 da convocatoria, entenderase que non aceptan a oferta do incremento de cotas por desistencia.

De acordo co disposto no Decreto 425/1993, do 17 de decembro e a Orde do 30 de decembro de 2015, a embarcación seleccionada que presentase a documentación dentro do prazo establecido deberá cumprir ademais cos seguintes requisitos para a obtención do incremento da cota asignada:

- a) Non ter sancións firmes en vía executiva en materia de protección de recursos mariños, pendentes de pagamento.





b) Que a persoa tripulante estea en posesión do certificado profesional correspondente.

c) A persoa armadora da embarcación non poderá ser titular dun permiso de explotación a pé para recursos específicos, debendo renunciar a este.

Se unha mesma persoa tripulante, coa certificación da titulación correspondente, figura enrolada en diferentes embarcacións seleccionadas para a oferta de cotas no prazo de presentación de documentación, a asignación da cota de captura realizarase tan só á embarcación na que a persoa tripulante conste coa data máis recente no despacho vixente.

Se a persoa armadora non acepta o incremento ofertado durante dúas (2) veces consecutivas sen causa xustificada non recibirá unha nova oferta durante un prazo de doce (12) meses. No caso de renunciar aos incrementos ofertados durante tres (3) veces consecutivas sen causa xustificada, perderán os seus dereitos e a embarcación quedará excluída da lista por un período de dezaioito (18) meses, podendo solicitar de novo a súa inscrición unha vez transcorrido o dito prazo.

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso de alzada ante a Conselleira do Mar no prazo dun (1) mes contado a partir do día seguinte ao da publicación, de acordo co establecido nos artigos 30, 121 e 122 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Esta resolución publicarase no taboleiro de anuncios da dirección territorial da Coruña e na páxina web <http://mar.xunta.gal>.

A resolución tamén se exporá, con carácter informativo, no taboleiro de anuncios da confraría de pescadores de Camelle.

Esta resolución notifícaselle á confraría de pescadores de Camelle consonte ao artigo 40 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro.

A xefa territorial
María José Cancelo Baquero
(sinatura electrónica)

ANEXO I:

Lista para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas no plan de xestión de Percebe da Confraría de pescadores de Camelle

Embarcación	Matrícula	Folio	Embarcación cunha soa cota de captura C.1	Experiencia profesional armador C.2	Habitualidade da actividade pesqueira C.3	Total
MARIA ELENA	CO-4	1782	5,00	4,00	3,00	12,00
CELIA G	CO-4	6-04	5,00	4,00	1,00	10,00
JOSE IGNACIO PRIMERO	CO-4	3-03	5,00	4,00	1,00	10,00
PESCADORA	CO-4	1582	5,00	4,00	1,00	10,00
NUEVO ANAMAR	CO-4	9-05	5,00	0,00	2,00	7,00
ROSAL	CO-4	3-05	0,00	4,00	3,00	7,00
LILIANA*	CO-4	1763	5,00	0,00	2,00	7,00
SILVIA**	CO-4	1840	0,00	3,60	3,00	6,60
AZOR UNO	CO-4	1-98	5,00	0,00	1,00	6,00
PLAYA DE AROU	CO-4	1398	5,00	0,00	1,00	6,00
MARIMAR	CO-4	1962	0,00	4,00	2,00	6,00
A PERCEBEIRA	CO-4	10-05	0,00	4,00	2,00	6,00
NUEVA GIRALDA	CO-4	5-04	0,00	3,60	2,00	5,60
CARMEN	CO-4	190	0,00	4,00	1,00	5,00
CHAMO	CO-4	1-18	0,00	3,92	1,00	4,92
ZEUS UNO	VI-8	2-95	0,00	4,00	0,00	4,00
DOS CUÑADOS	CO-4	1377	0,00	1,36	2,00	3,36
PLATEIRAS	CO-4	5-06	0,00	0,60	2,00	2,60
BEATRIZ Y MARTA	CO-4	1-12	0,00	0,00	2,00	2,00
CHICHA	CO-4	1261	0,00	0,00	2,00	2,00
PRIXELO	CO-4	1040	0,00	0,00	2,00	2,00
SARA	CO-4	1947	0,00	0,00	2,00	2,00
AMABLE	CO-4	1026	0,00	0,20	1,00	1,20
MAR DE ALMA	CO-4	2-05	0,00	1,20	0,00	1,20
ALBER	CO-4	1904	0,00	0,00	1,00	1,00
CONSUELO	CO-4	566	0,00	0,00	1,00	1,00
JEMA	CO-4	6-06	0,00	0,00	1,00	1,00
SANTA MARÍÑA	CO-4	5-05	0,00	0,00	0,00	0,00

* A embarcación LILIANA CO-4 1763 non participa na oferta de cotas de captura por atoparse de baixa no Rexistro de buques pesqueiros da Comunidade Autónoma de Galicia, logo do traslado do seu permiso de explotación a unha nova embarcación que non se atopa incluída no plan de xestión.

** A Embarcación SILVIA CO-4 1840 non participa na oferta de cotas de captura ao dispor no seu permiso de explotación de tantas cotas de captura de percebe como tripulantes poden ir a bordo da embarcación.



Os epígrafes de cada columna son: (de acordo co apartado C do anexo I da Resolución do 4 de maio de 2016, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, pola que se aproba o baremo para acceder ás modalidades de recursos específicos no permiso de explotación das embarcacións, así como para elaborar as listas e actualizar os méritos para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas nun plan de xestión de recursos específicos, modificada pola Resolución do 18 de maio de 2020, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro)

- **TOTAL:** puntos acadados en total.
- **C.1: Embarcacións que só teñen unha cota de captura no plan de xestión: 5 puntos.**
- **C.2: Experiencia profesional no sector da persoa armadora da embarcación.**

Terase en conta que a persoa armadora estivese enrolada como percebeira (con acreditación) en embarcacións que contan coa modalidade nos 2 anos anteriores á data da convocatoria: 0,2 puntos/mes completo. Para as embarcacións que solicitan a inscrición na lista, unha vez confeccionada, entenderase nos 2 anos anteriores á data da entrada da súa solicitude no Rexistro electrónico da Xunta de Galicia.

A puntuación máxima total que se poderá obter nesta epígrafe será de 4 puntos.

- **C.3: Habitualidade da actividade pesqueira.**
- Se a embarcación acredita ter realizado actividade extractiva entre 15-35 % dos días que foron efectivamente autorizados para a extracción dentro do plan de xestión do ano natural inmediatamente anterior: 1 punto.
- Se a embarcación acredita ter realizado actividade extractiva entre 35,01-60 % dos días que foron efectivamente autorizados para a extracción dentro do plan de xestión do ano natural inmediatamente anterior: 2 puntos.
- Se a embarcación acredita ter realizado actividade extractiva superior a un 60,01 % dos días que foron efectivamente autorizados para a extracción dentro do plan de xestión do ano natural inmediatamente anterior: 3 puntos,

Para as embarcacións que solicitan a inscrición na lista, unha vez confeccionada, entenderase o ano natural inmediatamente anterior á data da entrada da súa solicitude no Rexistro electrónico da Xunta de Galicia.

A puntuación máxima total que se poderá obter nesta epígrafe será de 3 puntos.

